

RAFAEL USERO

CRONISTA OFICIAL DA VILA E TERRA DE CEDEIRA

O Pazo de Moscoso en Cedeira

Datos para a súa historia



Concello de
Cedeira

O Pazo de Moscoso en Cedeira

Datos para a súa historia

RAFAEL USERO

O Pazo de Moscoso en Cedeira

© do texto, Rafael Usero

© MMXXII | edicións **embora**

Reservados todos os dereitos, quedando rigurosamente prohibidos, sen a autorización escrita dos titulares do copyright, baixo as sancións establecidas nas leis, a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento, comprendidas a reprografía e tratamento informático, e a distribución de exemplares dela mediante aluguer ou préstamo públicos.

EDICIÓN NON VENAL

Edición exclusiva para o Concello de Cedeira

1ª edición: abril 2023

Depósito Legal: C 602-2023

ISBN: 978-84-16456-93-2

RAFAEL USERO

CRONISTA OFICIAL DA VILA E TERRA DE CEDEIRA

O Pazo de Moscoso en Cedeira

Datos para a súa historia



Concello de
Cedeira

edicións **embora**

En representación do Concello de Cedeira agradezo a Rafael Usero, Cronista Oficial da Vila e Terra de Cedeira, esta investigación sobre o Pazo de Moscoso que ven a sumarse a todo o legado de traballos de investigación sobre a historia deste municipio que xa ten publicados.

Grazas tamén a Iago Leonardo pola cesión desinteresada da maior parte das fotografías usadas para ilustrar esta obra.

Finalmente, quero agradecer tamén as pequenas pero importantes accións de todas as outras persoas que colaboraron co ánimo de que esta publicación chegara a ser impresa.

Pablo Diego Moreda Gil
Alcalde

LIMIAR

Cun estilo didáctico, como o de quen imparte unha lección de historia nunha aula, dun xeito persoal e característico, Rafael Usero conta parte da historia da Vila de Cedeira, fiada coa do Pazo de Moscoso.

A lectura deste estudo permite voar coa imaxinación ao pasado desta Vila, ulir o arrecendo da flor das laranxeiras arredor do pazo e sentir o mar romper por baixo do muro “de sobre la mar”. Tamén permite entender detalles da organización social e do modo de vida do pasado. Desde a Baixa Idade Media ata a actualidade o edificio, situado nun lugar privilexiado dentro do recinto amurallado, vai mudando o seu aspecto en sucesivas reconstrucións e sendo usado con diferentes fins por diversas persoas, vinculadas na súa maior parte co clero e coa nobreza.

A adquisición do edificio polo Concello de Cedeira no ano 2006 e a súa rehabilitación rematada no ano 2022 permite que finalmente pase a formar parte do conxunto de dependencias municipais dando, a partir deste ano 2023, servizo á veciñanza.

Ermitas García Ríos
Concelleira de Cultura, Educación e B.I.C.

UNHA CASA CON VALOR HISTÓRICO

O concello de Cedeira é, desde o ano 2006, propietario dunha casa e dun baldío adxacente, sitos no medio da parte antiga da vila que é capital do municipio. Esta construción áchase facendo ángulo entre a rúa Ferrol e a rúa Real. O baldío limita coa rúa Ferrol e con outro baldío, ambos separados actualmente por un muro de pedra.

O edificio en cuestión, como habemos de ver, foi aínda máis amplo, e os citados baldíos son o que queda dunha extensa horta que, por tres das súas catro fachadas rodeaba ao palacio que alí había antes de ser derrubado para dar lugar á casa de que estamos tratando. A cuarta fachada, *por la parte del Poniente, cuuse Norte* -di un manuscrito do ano 1826- é a que mira cara á rúa Real¹.

A historia da casa, partindo do máis remoto coñecido.

Podemos xa afirmar que non hai outro edificio en Cedeira do que dispoñamos de tantas referencias ó pasado, que son abundantes; e algunhas delas con notoria antigüidade, xa que estas permiten remontarnos ao século XIV. Por máis que, segundo coñecemos, a fundación da vila de Cedeira moi posiblemente date do XIII, carecemos de noticias tan antigas de cada casa en particular. A que nos ocupa neste momento é a primeira en ser coñecida historicamente.

O mosteiro de Pedroso, dona Munia Fróilaz e Cedeira

Para mellor comprender o asunto de que falamos, parece indispensable comezar recordando a **Pedroso**, localidade pertencente, no día de hoxe ao concello de Narón. Hai moitísimo tempo que desapareceu o mosteiro que había nesta parroquia, fundado por **dona Munia Fróilaz**², dama do clan dos Traba, é dicir a máis alta liñaxe de cantas a principios do século XII moraban no país galego. Porque na escritura da fundación -ano 1111- dona Munia figura entregándolle ao mosteiro un cuantiosísimo patrimonio, e formando parte del, *in terra Cetaria* (na terra de Cedeira), os lugares de Bereixo e Freixido, xunto con porcións en Soutelo e en Ventosa: todo isto na freguesía de Piñeiro, onde tamén

1 A.C.N. (Arquivo do Colexio de Notarios). A Coruña. Protocolos de Ortigueira: Don José María López. Ano 1826, folio 99.

2 Canto aquí se recolle sobre Pedroso pode verse na monografía “San Salvador de Pedroso en tierra de Trasancos”, por Enrique Cal Pardo. La Coruña, 1984.

está o lugar de Castro, do que o mosteiro chegou a ser dono, así como de diversas herdades e lugares en San Román, Cervo, Montoxo e Régoa; por non citar a Pantín, Loira e Bardaos, tres parroquias que algún día foron de Cedeira, aínda que agora son doutros concellos.³

Salvando os citados casos de Bereixo, Freixido, Soutelo, Ventosa (e Loira), os demais non figuran no citado documento fundacional e isto débese a que o mosteiro non deixou de seguir adquirindo propiedades, tanto noutras partes como na propia vila de Cedeira, tal como habemos de ver.

O mosteiro de Pedroso, tras coñecer nos momentos finais da súa existencia longos períodos de postración, acabou desaparecendo, cousa que ocorre no ano 1492. O seu patrimonio, nada desprezable, acabou recalando no **Cabido da Catedral de Mondoñedo** (ano 1532)⁴. Os cóengos, tras recibir o extraordinario regalo, inmediatamente pasaron a encargarse da súa administración, e a beneficiarse dos seus rendementos.

As casas de Pedroso na vila de Cedeira

A esas alturas –e sempre antes de 1492– a comunidade pedrosá posuía, na vila de Cedeira, tres casas, e cabo delas, algunhas larganzas. Todos estes edificios por algunha das súas fachadas, daban á rúa que os documentos chamaban Rúa de Baixo, aínda que algún non falta que prefire denominala *antigua pública Real*, xa naqueles tempos. Trátase, en efecto, da rúa Real, ben coñecida para os cedeireses de toda a vida. Dúas das citadas casas –aínda mellor, as súas hortas ou baldíos correspondentes– estremaban, polo lado de baixo con *muro de la dha. villa*, ou se se prefire unha expresión equivalente para o caso *muro de sobre la mar*, pois tamén atopamos palabras escritas deste xeito⁵.

Habemos de ter en conta que a nosa vila, nos últimos séculos da Baixa Idade Media, estaba protexida por unha muralla, que é a mesma de que vimos de falar. A conservación desta obra defensiva corría a cargo dos veciños de toda a xurisdicción cedeiresa: catorce parroquias en total. Pero a devandita obriga implicaba tamén a tres comunidades eclesiásticas, que eran: os freires de Portomarín, os monxes de Oseira e os cóengos do mosteiro de Pedroso⁶.

3 Cal Pardo, o.c., páx. 182.

4 Ibidem, páx. 272.

5 A.C.M. (Arquivo da Catedral de Mondoñedo). Apeo de Pedroso.

6 Ampla información, a este respecto, pode verse no traballo intitulado “Las murallas de Cedeira”, por Rafael Usero. Publicado no tomo I de “Estudios Mindonien-ses”, páxs. 207-238. Salamanca, 1985.

Convén deixar ben claro así mesmo, que os citados freires obedecían a un comendador; e os monxes, ao seu abade. No referente a Pedroso, os individuos da comunidade nomeábanse cóngos e non monxes, ao tempo que o cóngo que tiñan ao fronte nunca era un abade, senón un prior. Todo isto, tal como o requería a orde de que formaban parte: “Cóngos regulares de San Agustín”. Non tardaremos en decatarnos a que veñen estas aclaracións.

Gomes Fernandes, prior de Pedroso, tal vez era cedeirés

Dou por suposto que cando un aspirante pretendía ser cóngo de Pedroso, non se presentaba alí coas mans baleiras, e normalmente este sería o camiño para lograr a admisión, a parte doutros requisitos. Ocorre, sen embargo, que non se dispón de documentos para o caso en particular. Estaríamos mellor informados verbo da historia que aquí tratamos de expoñer, comezando por **Gomes Fernandes**, un personaxe que, cando menos, vivía nas décadas sesenta e setenta do século XIV, no tempo en que desempeñaba o cargo de prior de Pedroso. Nalgún momento que descoñecemos, este home axudara a enriquecer ao mosteiro, quen recibiu de Gomes Fernandes *casas e casays et erdades et chantados* [plantados] e dereitos varios que tan xeneroso doante *abia en Cedeyra et en seus téminos*⁷. Non chegou a nós o documento da doazón -lástima fora- e así quedamos sen saber de casás, herdades e chantados se trataba, pois con dicir que estaban en Cedeira, pouco ou nada se poñía en claro.

O primeiro levador de que temos noticia

Aínda menos mal que un pergamiño pedrosán, datado en 15 de novembro de 1430, acude voando na nosa axuda, el é portador de noticias aclaratorias. Fainos saber o documento que, ese ano, o prior que gobernaba o mosteiro chamábase Gomes Fernandes, e tamén é casualidade. Gomes Fernandes, segundo deste nome, sentíndose respaldado pola comunidade (*con liçençia et autoridade que para elo me deron et outorgaron*), tomou a decisión de entregar as posesións atrás referidas a Lopo Martinez de Villadónega, fillo que fostes de Afonso Fernández de Villadónega. Claro que a entrega non era para sempre, tan só mentres durara a vida do favorecido e a doutra persoa a quen el nomeare no testamento. A contraprestación era case de balde: cinco misas anuais, cantada unha e rezadas as outras catro, que Lopo Martínez –e igualmente o sucesor– debía facer dicir no mosteiro de Pedroso.

7 Cal Pardo, o.c., páx. 272.

Este documento de 1430 é o que indica a procedencia dos bens entregados. Aínda non sendo máis explícito, chegado o momento de concretar esas propiedades, non imos por mal camiño, posto que documentos posteriores van botarnos unha boa man no que andamos a indagar⁸.

Se non sabiamos o que é un foro, imos sabelo agora.

Denantes de proseguir nesta historia, convén advertir en que consiste un tipo de contrato chamado **foro**. Sen entrar en detalles que serían longos de referir, diremos que cando un propietario ou unha corporación cedían a outra persoa determinados bens por un tempo que soía ser longo, e baixo condicións estipuladas nun documento, o que facían era suscribir un foro. Os que outorgaban tales documentos, eran a parte aforante, e os beneficiarios eran os foreiros. Estes últimos, falando en termos xerais, soían ser individuos ben situados, tanto no nivel económico o mesmo que na escala social.

Afonso Pita, prior, e Fernando de Galdo, foreiro

Estamos noticiosos de que outro prior, chamado **Afonso Pita**, rexía o mosteiro de Pedroso aló polo ano 1473, concretamente en febreiro e tamén en marzo. Igualmente sabemos que en marzo de 1477 xa non vivía, pois así consta no nomeamento dun novo prior. Conviña situar cronoloxicamente a Afonso Pita polo que imos dicir.

Coñecemos, mediante copia do século XVI, o texto dun foro outorgado por ese prior, onde se trata de propiedades rurais na terra de Cedeira, e de casas que o mosteiro tiña nesta vila. Tristemente a copia, en papel, quedou incompleta. Xa se ve que o copista non foi capaz de ler, por enteiro, a letra dun foro do século XV (non sempre é doado). A copia deixou varios espazos en branco e quedou sen constar o día e o ano do documento orixinal, que estaba escrito sobre pergamiño. Por se non fora pequeno contratempo, hai que engadir que o papel da copia, por falta de coidado, presenta desperfectos que dificultan a súa lectura. Aínda así, a utilidade informativa deste papel é grande, porque o que contén permite relacionar canto vai dito ata agora coas informacións que seguen, cada vez máis amplas e satisfactorias, xa entrado o século XVI.

Así pois, nunha data que moi ben parece corresponder ao principio da década dos setenta –non perdamos de vista que estamos a falar do século XV– o cóengo Afonso Pita, prior de Pedroso, xunto con outro

8 Ibidem, páx. 118.

cóengo que aparece nomeado –serían eles dous os únicos cóengos que quedaban– aforaron a **Fernando de Galdo** e máis á súa muller, **María Vizosa**,

“as casas que foron do prior don Gómez, que jacen ena vila de Cedeira, que soía levar Lopo”⁹

... e aquí hai un espazo en branco, pero ben nos decatamos de que este Lopo ten que ser Lopo Martínez de Villadónega, do que xa tratamos. E o prior don Gomez non pode ser outro que Gomes Fernandes, aquel cóengo de Pedroso que, nalgún momento do século XIV fixera en favor do mosteiro tan cuantiosa doazón.

Ían tamén neste foro do XV,

“os casares do Seixo e o casal de Cobombraas [sic, por Corombás] con todas suas herdades”.

O Seixo era un lugar na parroquia de San Román; e Corombás outro, polo que parece, na de San Xiao, ambos en Montoxo. Non existen agora a lo menos con eses nomes. Alí Fernando de Galdo poñería labradores en quen confiar, pois está claro que el non era home de labranza. Tanto el, como María Vizosa pertencían a coñecidas estirpes da fidalguía vivariense.

1484: Un solemne xuramento

Nos anos oitenta do século XV a xurisdicción de Cedeira estendíase por un territorio de, cando menos, catorce parroquias. Os seus habitantes recoñecían por señor ao conde de Lemos, quen, como tal, escollía persoa para exercer de alcalde e xuíz ordinario na vila e terra cedeiresas, e tamén algúns outros cargos públicos. Vai ser unha situación que se prolongará mentres dure o Antigo Réxime.

Cumpre engadir que, sobre a autoridade do alcalde de Cedeira estaba a do meiriño ou Xustiza maior, quen, desde o castelo de Moeche, impartía xustiza sobre varias alcaldías, aínda que o meiriño non residira, necesariamente, na fortaleza alí levantada, propia do conde de Lemos. Éste ero o que daba o cargo de meiriño de Moeche á persoa que ben lle parecía.

9 A.R.G. (Arquivo do Reino de Galicia, A Coruña). Pleitos ante a Real Audiencia, Legaxo 467 - nº 66: “Cabildo de Mondoñedo con los hijos de Fernando de Galdo. Reivindicación de los casares de Corombás y Pazo, en Cedeira”.

En 1484, o alcalde de Cedeira era o mesmo Fernando de Galdo¹⁰ a quen, poucos anos antes vimos beneficiándose dun foro, desde o momento en que o recibe do prior Afonso Pita. Nunha das casas de que fala a escritura foral, Fernando de Galdo, xunto coa súa muller María Vizosa, fixou a súa vivenda¹¹.

Non lonxe dela, como habemos de ver, residía **Fernando de Andrade**, parente moi cercano dos señores de Pontedeume, Ferrol e Vilalba. A muller deste Andrade chamábase dona **Inés de Castro e Lanzós**, dama de alta alcurnia. Un matrimonio que, andando o tempo, deu lugar á formación da Casa de San Sadurniño, de gran implantación e poder nestas comarcas¹².

Sendo Fernando de Galdo alcalde de Cedeira, tocoulle de figurar como testemuña dun acto que ben podemos calificar de solemne, e que tivo lugar na morada do seu ilustre veciño. Tratábase de recoñecer a condición fidalga dun habitante de Montoxo chamado Bartolomé de Montojo. Foi o día 18 de marzo de 1484, cando

en las casas de morada a onde mora o señor Fernán d-Andrade, merino y Justicia mayor, por el Muy Magnífico Sr. don Rodrigo Enriquez Osorio, conde de Lemos, noso señor; estando presente o dito Fernando d-Andrade,

o interesado en demostrar a fidalguía, é dicir, Bartolomé de Montojo, apareceu con catro testemuñas; destes, dous da vila de Cedeira, un de Piñeiro e outro de Montoxo. Coñécese que non había a man un santo cristo, porque o meiriño tomoulles xuramento valéndose dunha espada, a modo de cruz, que

cada un deles tangeron con sua mao dereita.

Deste xeito xuraron dicir a verdade do que soubesen. Todo foi presenciado por

*Fernán de Galdo, alcalde en la dita vila;
máis dous individuos que se citan,
e outros moitos¹³.*

10 A.H.D.M. (Arquivo Histórico Diocesano Mondoñedo). Presentación do beneficio de San Xiao de Montoxo. Vacante de 1555. Folio 1687 e ss.

11 Documento citado na nota 5; folio 35, volto.

12 De gran valor informativo, a este respecto, é o traballo de Carlos Breixo que leva por título "Fundación do vínculo e morgado da casa de San Sadurniño, feito por Fernando de Andrade". Publicado na revista "Cátedra", nº 13; páx. 221 e ss., Pontedeume, 2006.

13 A.H.D.M. - V. nota 10.

O Palacio dos Andrade

“E outros moitos”... Estas palabras aportan –vagamamente– a idea de que a estancia onde tivo lugar o solemne xuramento dispoñía da capacidade necesaria. Como que estaban dentro dun palacio, que tal nome recibe o edificio en documentos posteriores, como máis abaixo habemos de ver. Un palacio ben próximo á morada de Fernando de Galdo, e asemade, na parte máis escolleita da vila cedeiresa, conforme teremos ocasión de acreditar. Polo de pronto xa adiantamos a noticia de que Andrade e señora, dezaioito anos máis tarde, seguían morando na vila cedeiresa, pois así o demostra certo recoñecemento en que ambos puñeron a súa firma,

que foi e pasou ene vylla de Cedeira, enos paços dos ditos señores Fernando d-Andrade e doña Inés, súa moller, a des e sete días do mes de abril, ano de noso señor Iesu Cristo de mil e quiñentos e dous anos¹⁴.

Seguimos coa familia Galdo

Galdo sabía que o foro que lle daba dereito a vivir na casa onde moraba, non era perpetuo; nin tampouco o disfrute dos outros bens de que falaba o documento, no que lle dicían que o contrato era a prol do interesado e da muller, María Vizosa:

para vos, e para vosos fillos e fillas, e netos e netas.

O neto ou neta supervivente escollería un último sucesor, que tamén podería ir nomeado no testamento. Á morte do favorecido na derradeira sucesión, os bens aforados voltarían ás mans de quen tiña o *directo dominio*, é dicir, o mosteiro de Pedroso, no caso de que estamos a tratar. O día do outorgamento non se contaba coa desaparición do mosteiro, nin con que as súas propiedades irían parar ó Cabido mindoniense.

O matrimonio de que nos ocupamos deixou por sucesor a un fillo que tamén se chamaba **Fernando de Galdo**. Este foi o pai dun terceiro Fernando de Galdo que, tal vez para diferencialo de pai e do avó figura chamándose “**Fernando de Galdo Sacido**”. Non lle deberon de ir moi ben as cousas en Cedeira (mesmo acabou asasinado, por instigación da muller, María Parda¹⁵), o caso é que decidiu marchar da vila, desfa-

14 Arquivo Histórico Nacional (Madrid). Clero; legaxo 3.076 “Sinecuras que lleva la Casa de San Sadurniño”.

15 Ver nota 9. Este pleito recolle, entre outros, un texto datado en Cedeira o 9 de maio de 1544. O documento informa que: “Pedro de Prado, vecino de Montojo, podía

céndose por tal motivo das propiedades forais, vendidas, en opinión das persoas que estaban ao tanto, moi baratas, ou sexa, malvendidas. Da duración do foro cada vez quedaba menos tempo, e isto tamén puido influír.

Todo parece indicar que foi 1529 o ano en que tivo lugar a venda da casa principal. E se o dicimos así, é porque descoñecemos o documento de compravenda; temos que conformarnos con testemuños recollidos a posteriori¹⁶.

Entran en escena Fernando de Lago e o seu fillo Ares Pardo

Vai sendo hora de presentar a **Fernando de Lago**, o comprador desa casa coas hortas e baldíos adxacentes. Fernando de Lago aparece en 1520 exercendo daquela e aínda despois como alcalde de Cedeira¹⁷. Xa por entón estaba casado con María Fernandez da Dorna¹⁸, e debeu ser en Cedeira onde lles naceu **Ares Pardo de Lago**.

Os ascendentes deste Fernando levaran moi preclaros apelidos, empezando xa polo de Lago, propios da nobreza galega¹⁹ e que neste traballo non citamos, por non ser de índole xenealóxica. Limitámonos a

haber dos meses, poco más o menos tiempo”, “había muerto a Fernando de Galdo de Secido, con acuerdo a favor de Teresa Parda, su mujer que fincó del dho. Fernando de Galdo Sacido; y lo hallaron muerto en la fraga que se dice de Latoal, qu-es en la dha. Felegresía de Montojo. E por ello se ausentaron de la dha. felegresía”. “Y del dho. Fernando de Galdo e Teresa Parda quedaron hijos menores de edad”: “convenía de proverles de curador de sus personas e bienes”.

16 Documentación referida na nota 5.

17 Documentación referida na nota 10, folio 1687.

18 A.R.G. “Segundo cuaderno de partija de Juan Pardo de Andrade con D^a Beatriz, su hermana”. Legaxo 21463, n^o 72. Continuación. Folio 1347 volto.

19 A.R.Ch. (Arquivo da Real Chancelaría. Valladolid). Fidalguías. -En defensa da súa fidalguía litigaron Abel de Lago e os seus fillos Pedro e Fernando, todos veciños de Moeche (anos 1570-1586).

En 1570 a autoridade local de Moeche, por poñer en dúbida a condición nobiliaria de Abel de Lago, morador dese concello, dera lugar a un pleito por fidalguía, proceso que logo continuaron Pedro Tenreiro de Lago e Fernando de Lago, irmáns, fillos do citado Abel. Non faltaba quen tiña a sospeita de que os referidos gozaban de prepotencia social na terra modestina “por ser allegados como eran, de Fernando de Andrade e de otro Juan Freire de Andrade merino y justicia de dha. tierra, caballeros e hombres muy validos e principales”. Máis abaixo quedará demostrado que o Fernando de Andrade, de quen aquí se fala, é o mesmo personaxe morador en Cedeira mentres non pasou a vivir en San Sadurniño; de el xa nos ocupamos no corpo do presente traballo.

Eses Lago, de Moeche, tiñan parentes do mesmo apelido habitantes en comarcas próximas, tal como afirmaba un paisano de Moeche naquel tempo, de nome Pedro Alfonso: éste declaraba ter coñecido a “Fernando de Lago, veciño de Cedeira, e

consignar o nome dos pais de Fernando de Lago: Pedro Tenreiro de Lago e Parga, e Violante Núñez de Montenegro, señores da Casa de Belote, hoxe en día en Baltar, no concello de Narón²⁰. Ademais de Fernando o citado matrimonio posibilitou a chegada ao mundo doutros sete fillos.

En tempos moi posteriores ao pasamento deste personaxe -e estamos agora a falar do ano 1603- considerouse oportuno facer un reconto dos papeis que había gardados en certo lugar da casa, *hallados en una hucha*, e entre outros varios, tomaron nota de tres documentos que fan referencia a cando Fernando de Lago se fixera dono do edificio:

“Otra escritura de venta, que hizo Fernando de Galdo Sacido al señor Fernando de Lago, de ciertas casas²¹.”

Sen dúbida levaba a data de 1529, segundo dixemos máis arriba. Non deberon de quedar moi claros os dereitos do vendedor para dar ese paso e quizabes en Mondoñedo os cóngos mostrarían desacordo. Xurdiría un pleito do que falaba o seguinte papel:

“Otra escritura de requerimiento [sic], que hizo Fernán de Galdo Sacido saliese al pleito de dha. casa”.

O terceiro documento evidenciaba que os cóngos do Cabido de Mondoñedo –verdadeiros propietarios das casas en Cedeira– foron os que de modo definitivo, concertaron a venda das casas:

“Otra carta de venta que hicieron, de las dhas. casas, los canónigos de Mondoñedo”.

Con esta escritura que, tristemente, non coñecemos, salvo por tan vaga referencia, o Cabido de Mondoñedo se desprendía duns edificios posuídos polo mosteiro de Pedroso, xa dende o século XIV. Parece

Ares Pardo de Lago”. Ambos, como vai expresado no texto que traemos entre mans, foran pai e fillo.

Os pais doutro testigo, chamado Pedro de Rañal, fixéranlle saber ó fillo, falando do avó dos litigantes, por nome Pedro de Lago, que éste “*había estado en posesión de hombre hidalgo; “el cual decían que era mejor hidalgo que no los de la Casa de Andrade, e que Hernando de Andrade, señor que fue del coto de San Sadurniño, en su vida había dicho él mismo qu-el dho Abel de Lago, padre del que litigaba, era más hidalgo que no él”.*

20 “Prolegómenos, fundación e transmisión dos morgados de Baltar e San Sadurniño na comarca de Ferrol (séculos XVI ao XVIII)”, por Fernando Dopico Blanco. Revista citada na nota 12, páxs. 437-438.

21 A.R.G. - Documentación citada na nota 18; folio 635 volto.

inferirse que os señores cóngos mindonienses, por tal documento, renunciaban a calquer dereito sobre as casas. Non nos queda moi claro o alcance do dereito traspasado, e veciños había daquela en Cedeira que tamén mantiñan as súas dúbidas.

Fixando a nosa atención nos novos amos, diremos que durante xeracións mantiveron a propiedade da casa que, ata aquel intre, pertencera ao Cabido mindoniense, e así foi ata ben entrado o século XIX. É verdade que eses propietarios non sempre viviron nela.

Fernando de Lago, ó principio, e logo o seu fillo Ares Pardo de Lago, foron moi capaces de ser ben admitidos na sociedade cedeiresa coa que lles tocou convivir. Do primeiro deles afirmaba un home que o coñecera:

“...era un caballero principal en la villa de Cedeira, que era amo de la condesa de Lemos, e hidalgo e caballero muy conocido”²².

Hase de entender que ser “*amo de la condesa*” equival a exercer as funcións de administrador dos bens que nos confíns de Cedeira posuía a Casa condal de Lemos, sinaladamente fincas e tres ferrerías. Dona Beatriz de Castro Osorio²³, condesa de Lemos, famosa pola súa beleza e polo seu enrabechado carácter, visitou a nosa vila²⁴, da que era señora, en 1534. Puido ser entón cando Fernando de Lago recibíu o cargo de administrador condal se non o era xa dende antes.

Por eses mesmos anos, o templo parroquial de Cedeira pedía urxente reconstrucción. Debía ser o vecindario todo, o forzado a pagar unha obra sen dúbida costosa. Fernando de Lago adiantou as primeiras cantidades de diñeiro, e polo que parece, Ares Pardo, o fillo, puxo o resto, tamén do seu peto. Non recuperaron eses cartos, e o fillo acabou por non reclamálos²⁵. ¿Como non ían estar os paisanos fortemente agradecidos a quen lles sacaba as castañas do lume?

“...todos los vecinos de Cedeira e su partido eran amigos de Fernando de Lago [y] de Ares Pardo, su hijo, que eran hombres principales en la tierra”²⁶.

22 A.R.Ch. Valladolid. - Fidalguías. Legaxo 1363 - nº 12.

23 Polo que respecta a esta dama, pode verse a información contida na obra “Don Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos”; páxs. 86 e ss., por Eduardo Pardo de Guevara y Valdés. Xunta de Galicia. Santiago, 1997.

24 A.R.G. Pleitos - Legº. 26.198 - nº 5.

25 A.R.G. - Proceso citado na nota 18. O dato contense no testamento de Ares Pardo de Lago. Foi outorgado en 1560.

26 A.R.Ch. Valladolid. Fidalguías. Documento citado na nota 22.



Dos tempos en que Fernando de Lago (falecido en torno ao ano 1540) e despois Ares Pardo de Lago, o seu fillo, promoveron, por propia conta, a reconstrucción da igrexa parroquial de Cedeira, eis o que segue en pé no día de hoxe. Todo o demais son engadidos e reformas posteriores, lamentables moitas delas.

Así se recordaba en Cedeira, un cuarto de século máis tarde. Fernando de Lago aínda vivía en 1540, pero os documentos conservados dan a impresión de que no ano seguinte xa era finado.

Foi tamén en 1540, a 21 de outubro, cando Ares Pardo, suscribiu en Astorga, co marqués dese título, e ademáis conde de Santa Marta, un acordo polo que éste lle recoñecía unha cuantiosa débeda²⁷. O conde de Santa Marta quen, por certo, para nada poñía os pés nese condado, tamén lle deu a Ares Pardo o título de alcalde maior do mesmo, con dereito a percibir sustanciosas rendas e a residir na fortaleza que naqueles tempos se erguía sobre a fermosa colina que tanto destaca na parte vella da vila de Ortigueira. Pardo desempeñou a función de alcalde maior obra de 18 anos²⁸.

Ares Pardo emparenta coa casa de San Sadurniño

Por esas mesmas datas, Ares Pardo de Lago, casou con **dona Catalina de Andrade**²⁹, neta de aquel Fernando de Andrade e daquela dona Inés de Castro que antes viviran en Cedeira. Eles marcharan despois a San Sadurniño, onde este Fernando foi recoñecido por señor de aquel territorio. Digamos de paso que o señor de San Sadurniño acadara, da raíña Xoana “a Louca”, permiso para fundar un morgado (ano1515)³⁰.

Outro dereito do que por entón disfrutaba a casa de San Sadurniño, é dicir –o seu morgado– foi o de presentar candidato para exercer de cura en Cedeira, cando máis antigamente era Pedroso quen tiña esta primacía e, posteriormente, o Cabido da catedral mindoniense, como sucesor inmediato de Pedroso.

O máis vello dos doce fillos do primeiro matrimonio de Fernando de Andrade, foi **Xoán Freire de Andrade e Lanzós**. Na súa condición de primoxénito, herdou o morgado que fundara o pai, xunto con todas as prerrogativas³¹. Mediante tratos cos cóngos de Mondoñedo puido agrandar os dominios de que dispoñía e así, por exemplo, foi como chegou a señorear nos vasallos do couto de Pedroso, é dicir, os habitantes de aquel espazo que tivera por centro ao desaparecido mosteiro; señor de Pedroso e das terras inmediatas:

27 A.R.G. - Legº. 942 - nº 9.

28 Documentación citada na nota precedente.

29 Documentación cita na nota 18.

30 Traballo citado na nota 12. O texto polo que a raíña Dª Xoana autoriza a Fernando de Andrade á fundación do morgado, reproducése na páxina 32 e seguintes.

31 Traballo citado na nota 20.

“con horca e picota, sogá et cuchillo, et cárcel et prisiones” (ano 1544).

Tres vástagos naceron do matrimonio de Xoán Freire con dona María de Losada. Un deles, dona Catalina de Andrade, quen, segundo vai dito, acabou casando con Ares Pardo de Lago. Foi o 16 de outubro de 1541 cando o pai de dona Catalina acrescentou a dote que xa lle tiña dada ao matrimonio. Este é o día en que se volve falar da casa que os Andrade tiñan en Cedeira:

“Sepan cuantos esta carta de pura dádiva de dote y donación [...] vieren, como yo, Juan Freire de Andrade y Lanzós, cuya es la Casa y lugar de San Sadornino, que estoy presente, otorgo e conosco [...] que doy en dádiva, dote y donación a vos, Ares Pardo de Lago, mi hierno, y por bienes dotales con mi hija dona Catalina d-Andrade, vuestra mujer, los mis palacios e casas grandes que están en la villa de Cedera, junto y frontero de las casas de vos, el dho. Ares Pardo, mi hierno; y como, de otra parte, testan en las casas que fueron de Rodrigo Díaz de Tumiraos; y de otra parte, en el muro y cerca de la dha. villa”³².

Cita outras dúas casas máis pequenas, que tamén van na entrega e remata engadindo:

“Y así mesmo vos doy en la dha. donación y dote [...] la mi huerta grande de naranjos que está cercada de muro, que topa junto del adrio y cimiterio de la dha. iglesia. Y de la otra parte, testa en las casas de Juan Garrote y va por allí hasta dar en la puerta que llaman de Rebordelo. Y por allí topa en el muro de la dha. villa y campanario de la dha. iglesia”.

Unha horta enorme, pois alcanzaba todo o lado de riba da parte antiga da vila: ía dende o campanario, exento; sito, máis ou menos, onde está agora o Salón da Adoración, e sen facer corpo co templo parroquial. Chegaba esa finca ata a porta de Rebordelo (unha das catro portas da muralla), que ven ser onde actualmente se conserva un cruceiro do s. XVIII³³.

32 A.R.G. Documentación citada na nota 18; fol. 19.

33 V. traballo citado na nota 6.

O “Apeo de Cedeira”, promovido polo Cabido mindoniense.

En 1549 os cóengos de Mondoñedo acordaron os trámites oportunos para facer un apeo das propiedades que o Cabido tiña, procedentes do mosteiro de Pedroso. O apeo consistía nun informe longo e detallado no que figuraba, por man de escribán, a localización das propiedades, cos lindes, coas medidas e coa capacidade produtiva. Chamaban testemuñas coñecedoras do que interesaba e elas declaraban, baixo xuramento, o que sabían.

As posesións do Cabido nas terras cedeirasas constan no libro manuscrito que leva por título “Apeo de Cedeira”. A parte das fincas, alí están as casas. Verbo das existentes na vila, os declarantes non saben de fixo se dalgún xeito os cóengos de Mondoñedo conservan dereito algún, ou se, polo contrario, se desprenderon totalmente a prol dos novos amos. Os chamados a informar –empezando por Afonso de Lago, que en 1549 tiña noventa anos– non sempre parecen totalmente rigorosos nas súas respostas. Recordaban, si, un incendio, mais non en qué ano. O citado Afonso, falando

“de las casas en que solía morar Fernando de Lago, en la dha. villa de Cedeira, en la dha. rúa de Baxo [...], las vio este testigo reedificar e adrezar a Fernando de Galdo, o Vello, que era alcalde de la dha. villa de Cedeira, e a su mujer María Viciosa”³⁴.

Logo cita como levadores ao fillo e despois ao neto, chamados tamén Fernando de Galdo, como xa se dixo.

E dá os lindes: a casa xunto coa horta,

“que tiene naranjos e limoeiros e árbores, extremaba por un lado coa rúa e calle de Baxo”,

é dicir, a que seguimos denominando “Real”. Pola parte

“de bajo, con el muro sobre la dha. mar. E de otra parte (que ven sendo o que no día de hoxe ocupa a Casa do Concello), en las casas de alonso Martínez da Dorna, en que agora mora Pedro Pardo, su hijo. E de la otra parte, en otra plaza yerma, que no sabe cuya es, que está entre esta huerta e las casas que quedaron de Fernando d-Andrade e de doña Inés, su mujer”.

³⁴ Apeo citado na nota 5. A declaración dese testigo ocupa os folios 14-18 volto.

Isto significa que, entre a horta dos que logo se converteron en señores de San Sadurniño e a casa que Fernando Lago escollera para vivir, mediaba un baldío, que o declarante califica como “*plaza yerma*”. Nin Afonso de Lago, que é o que dá estas noticias, nin outras testemuñas que, a grandes rasgos, coinciden con el, demostran saber que Ares Pardo de Lago, xa por entón era dono da casa que nalgún tempo fora de Fernando de Andrade, e despois do seu fillo Xoán Freire, sogro de Ares Pardo.

Ares Pardo de Lago e Dona Catalina, a súa muller, promocionan unha nova mansión

Pasaron algúns anos. Ares Pardo deixara o cargo de alcalde maior de Santa Marta, e agora pensaba en levantar un edificio que, en Cedeira, lle servira como mellor vivenda. A comezos da década dos sesenta do século que lle caeu en sorte, os habitantes da vila puideron ver como desaparecía, a golpe de ferramenta, a casa que algunha vez pertencera ao mosteiro de Pedroso. A outra casa, tan próxima, a que o sogro lle dera como parte da dote nupcial, tamén correu a mesma sorte. O dono precisaba lugar espazoso para edificar alí. Así o lembraba catro décadas despois a fidalga Elvira Fernández das Seixas, parente e conveciña, quen dicía

“haber visto unas casas qu-estaban en esta villa, en donde el dho. Ares Pardo después edificó las casas grandes desta villa, en que al presente vive el dho. Juan Pardo [o seu fillo]; que decían las dhas. casas eran del dho. Juan Freire de Andrade, y que las había dado a la dha. doña Catalina”³⁵.

Documentación tocante a cando se fixo a obra de que tratamos, aínda se conserva algunha a día de hoxe, empezando por un contrato con dous ferreiros chegados de Pontedeume, e acordado en Cedeira o 11 de xullo de 1563:

“...estamos concertados e igualados [...] con el señor Ares Pardo de Lago [...] que le haremos toda la obra de zarrearía [sic] que el dho. señor Ares Pardo de Lago hubiese menester y fuese necesario para toda su obra de las sus casas nuevas y torre que al presente se hacía en esta dha. villa [...]; por manera que, durante la dha. obra, no saldrán desta dha. villa, ni entenderán en otra obra mientras fuere menester

35 Documentación citada na nota 18. A declaración de Elvira Fernández das Seixas figura no folio 263.

la del dho. señor Ares Pardo de Lago; antes entenderán en la suya, por manera que, por su causa, no haya falta alguna de se hacer la dha. obra para dhas. casas y torres; ventanas, alto y bajo”³⁶.

Do 16 de setembro do expresado ano, queda un papel onde se fala dun contrato cun certo carpinteiro, tamén de igual procedencia eumesa; éste reconece que

“había rescibido y rescibió de dho. señor Ares Pardo de Lago, para en cuenta e pago del dho. contrato e obra que ha de hacer”,

setenta e sete ducados de ouro, por traballar en

“sus casas e torre, que hace en la dha. villa”³⁷.

Actualmente poden verse, na mesma rúa Real, dúas pequenas casas que están a continuación da casa grande sobre que tratamos. Moitos son os motivos para afirmar que tanto unha coma a outra foron parte da casa grande, algunha vez segregadas para formar outras vivendas. Nunha das fachadas campá artístico escudo, traballado en pedra de granito que, polas características que presenta, ben se bota de ver que data do século XVI. Nos seus cuarteis aparecen as armas de catro apelidos: Montenegro, Andrade, Tenreiro e Parga. O segundo aquí citado fai referencia a dona Catalina; os restantes pertencen á liñaxe de Ares Pardo, “persona rica y poderosa”, que por tal o consideraban. Quizabes houbo máis pezas semellantes, pois este é un pormenor que Ares Pardo non sabería descuidar. Dende o ano 1560 xa tiña feito testamento, onde recordaba a decisiva colaboración económica do seu pai, Fernando de Lago –e tamén a que aportara o propio Ares–

“en haber hecho e redificado la dha. iglesia [de Cedeira], que es mucho e mucha cantidad”.

Por esta razón deixaba disposto

“no se consienta se quiten las armas del dho. señor mi padre, que, a consentimiento de los vecinos de la dha. villa, por así redificar la dha. iglesia e gastos que en ella se hizo, él puso, e están puestas en la puerta de la dha. iglesia”.

³⁶ Ibidem, folio 444.

³⁷ Ibidem, folio 435.



Moi ben podemos considerar estas xambas como procedentes de algunha das entradas principais da construción que historiamos aquí. Polo seu estilo –gótico tardío, senón protorrenacentista– ben puideron pertencer aos "pazos dos ditos señores Fernando d-Andrade e doña Inés súa moller" (ano 1502). Estes señores de San Sadurniño –onde acabaron residindo– foron avós de dona Catalina de Andrade, muller de Ares Pardo de Lago, moradores na vila de Cedeira. Ares Pardo, dono dos edificios de que se fala no texto, botounos abaixo para aproveitar o solar que antes ocupaban e alí mesmo "edificó las casas grandes desta villa" (anos sesenta do século XVI). As xambas en cuestión –xunto con outros elementos– quedarían incorporadas a esta obra.

Os que vivimos no século XXI temos dereito a preguntarnos qué sería do escudo posto por Fernando de Lago na entrada do templo parroquial, e a lamentar a posterior desaparición desa labra heráldica.

Ricos funerais por Ares Pardo

Ares Pardo de Lago, a quen víranos o 16 de setembro facendo entregas de diñeiro a operarios que traballaban na súa casa, deixaba de existir doce días máis tarde: ás once da mañá do luns 28 de setembro de 1563. Persoas encargadas de organizar os pertinentes actos fúnebres mobilizaronse con toda presteza, e así nolo fai saber un escribán, testemuña presencial. Ao referirse a dona Catalina, recén viuva daquela, el recordaba³⁸

“...tuvo cuenta y cuidado con sus entierros y honras, osequias y gastos y otras cosas funerarias, en que no pudo dejar de se gastar mucha cantidad de dinero que lo valían. Y vio el testigo que [a] aquellas honras y osequias veniera mucha cantidad de clérigos e flaires de diversas órdenes y religiones, y muchos caballeros deste reino de Galicia y otras personas particulares de diferentes calidades, por ser, como era el dho. Ares Pardo, un caballero tan principal y muy aparentado, según era y es notorio³⁹.

Non falta arquivo en que se garden as contas ocasionadas por todo isto, aínda que deixamos de aportar detalles que, en demasía, nos distancien do tema principal. Soamente diremos que, o primeiro día dos tres que duraron as honras, acudiron cincuenta e cinco cregos. Que á parte da de Cedeira, foron traídas as cruces parroquiais de San Sadurniño, Régoa e Santalla de Cervo. E que nun lenzo colocado sobre o enterrorio do cabaleiro, na igrexa da vila, foron pintados catro escudos, tal como precisa a partida seguinte:

Más di a Hétor Gribel, pintor, diez reales de plata, por cuatro escudos d-armas que pintó en el lienzo, por riba la tumba⁴⁰.

Outros moitos detalles poderíamos contar a este propósito, xa que non escasean nas fontes de información.

38 Ibidem folio 403.

39 Ibidem, folio 194. Declara o escribán Blas Fernández de Lago (de 60 anos de idade en 1604), veciño de Santiago de Lago.

40 As diferentes partidas dando noticia das cantidades empregadas “en el entierro y honras de Ares Pardo, mi señor, qu-está en gloria”, teñen comezo no folio 430, e rematan no 459.

Recobra os ánimos dona Catalina

Pasado todo o rebumbio a que dera lugar a morte do marido, dona Catalina mantívose firme na prosecución da obra empezada anteriormente. Nese momento, un fillo natural de Ares Pardo vaise encargar de prestar auxilio á viuva, para levar adiante os asuntos familiares. Referímonos ao crego **Xoán Pardo de Lago**, cura no Val de Aviño; home, por outra parte, ben acaudalado, quen tamén vai ser titor dos menores, seus medios irmáns, cando queden orfos por completo. A partir de decembro de 1563, volven os recibos das cantidades que entrega dona Catalina polos traballos realizados na obra de marras. O máis recente que nos é dado coñecer, data do 5 de xullo de 1567⁴¹.

Remata a construción da casa, e morre a súa promotora

Parece que esta señora tivo o tempo xusto de ver rematada a casa. Dona Catalina de Andrade e Castro, viuva de Ares Pardo de Lago, finaba o 23 de setembro do mesmo ano.

Sen faltar á verdade, poderíamos afirmar que, para esta dama, á parte de crear unha familia, a construción da casa foi “a obra da súa vida”, o que, por outro lado, valeu para dar traballo a xentes que, sen dúbida, andaban moi necesitadas na procura de sustento. Aquel escribán que en 1604 respondía a preguntas que se lle facían, corrobora a este respecto:

“...el testigo vio vivir y morar al dh. Ares Pardo y doña Catalina de Andrade, su mujer, en la villa de Cedeira, al tiempo que hicieron y empezaron a hacer unas casas grandes, muy buenas, en la dha. villa de Cederá, que eran y son de mucha costa y gasto, en las cuales no podía dejar ni dejó de hacer mucha costa y gasto, porque vio el testigo que en ellas trabajaban muchas personas de diferentes calidades y de diferentes oficios. Y fue en un año de grande hambre y carestía de pan, que entonces generalmente hubo en todo este reino de Galicia, según es bien notorio a las personas que de aquel tiempo se acuerdan⁴².”

Outro dato aportado polo mesmo escribán, fai referencia á escaleira pétreo que a viuva mandara erixir:

41 Ibidem, fol. 440. Trátase do recibo que dous ferralleiros do Pontedeume outorgaron a favor de D^a Catalina, “por toda la obra que hasta hoy, dho. día, le tenemos hecho de la rejaría, y de la otra cualquiera manera, para las sus casas nuevas y torres della, así para ventanas como para puertas y postigo”.

42 Ibidem, folio 195.



A heráldica desta pedra armeira corresponde ao matrimonio formado por Ares Pardo de Lago e Catalina de Andrade, promotores da mansión que, na década dos anos sesenta -século XVI- levantaron en Cedeira, no mesmo solar que ocuparan outros sinalados edificios propios da familia.

O escudo está hoxe ben visible na parede dunha pequena casa, contigua ao restaurado pazo de Moscoso. A fachada oeste do mesmo, igual que a nomeada parede inmediata, veñen dando fronte á rúa Real. Xa se nota ben que a casa pequena foi, nalgunha ocasión, disgregada do antigo conxunto.

O escudo presenta catro cuarteis, coas armas doutros tantos apelidos. Empezando arriba, pola nosa esquerda, vemos un eme coroado, que corresponde aos Montenegro, apelido que usou Violante Núñez de Montenegro, avoa paterna de Ares Pardo.

Debaixo destes cuarteis figuran os dous cuadrúpedos que normalmente exhiben os Tenreiro. O avó paterno de Ares Pardo chamábase Pedro Tenreiro de Lago. Ditos Pedro e Violante foron pais de Fernando de Lago, proxenitor de Ares Pardo de Lago.

O escusón que queda arriba, á nosa dereita, reproduce o escudo dos Andrade, e aquí ten cabida por pertencer a Catalina, casada con Ares. Ela sempre usou ese apelido en primeiro lugar. É lamentable a labor da erosión que se cebou nese cuartel durante séculos. doutro xeito veríamos a barra engolada e, na bordura, a lenda en honor da Virxe María, tal como sabemos que así son as armas propias dos Andrade.

Debaixo queda, finalmente, á nosa dereita, o cuartel que ostenta tres faixas; corresponde á linaxe dos Parga. Ares Pardo foi, como vai dito, fillo de Fernando de Lago, neto paterno este último, de Fernando Ares de Parga. Suficiente motivo para figurar o emblema dos Parga na pedra armeira.

“...solamente entonces se hizo, e publicó por muy notorio, que la escalera della costaría ciento e cincuenta ducados, la obra de cantería y pedrería que ella llevó. Y cuando costaba la escalera, de mucha costa y gasto hubo de ser el acabar de hacer dha. casa y cobrarla”.

Algún día se nos dirá que esa escaleira quedaba visible por fóra, pero que tamén alcanzaba a entrar en parte da casa.

Como fora en 1563 cando deran comezo os traballos, e Ares Pardo morrera nese mesmo ano, a prosecución das obras durou os catro anos que lle quedaban de vida á viuva, dona Catalina. Recén finada, foi principalmente cando o referido crego Xoán Pardo de Lago demostrou axeitadas capacidades coma titor dos seus medios irmáns: tres rapazas e un neno de dez anos.

O primeiro, facer un enterro digno para a nai dos orfos. Así o gardaba na memoria Pedro de Aneiros, cura prior de Régoa:

“...el dho. Juan Pardo de Lago, cuando se falleció la dha. doña Catalina de Andrade, le ha hecho muy solene enterramiento y honras y osequias [sic] muy suntuosas y de mucho gasto, y en ella se gastó mucho, que no fueron menos que las del dho. su marido; antes fueron más suntuosas [...] Y este testigo lo sabe porque lo ha visto por vista de sus ojos”⁴³.

Pois non sería pouco. O que pasa é que carecemos de información detallada.

Xoán Pardo de Andrade: vida fastuosa

O titor dos orfos dedicouse con particular afecto ós intereses de **Xoán Pardo de Andrade**, único fillo varón sobrevivinte que deixaran Ares Pardo e a súa muller. Xoán Pardo de Andrade, xa favorecido con preferencia no testamento da súa nai, achou no titor á persoa máis desexada para mirar polo seu proveito, ata un punto que deixamos de referir por non alongarnos en exceso. O neno fíxose mozo, sempre vivindo en Cedeira, na enorme casa que lle quedara dos pais, obra na que se gastaran arredor de tres mil ducados, cantidade, para a época, moi respectable.

Polo que mira ao edificio, pouco máis se podería pedir. Unha construción nova e grande, rodeada por ancha horta e pola rúa principal, no mellor da vila, e con plenas vistas á ría, aínda que coa protección

43 A.R.G. Pleitos. Legaxo 21.464 - nº 2, continuación. Folio 118 volto.

do recinto amurallado que os cedeireses, pola conta que lles tiña, procuraban manter cumpridamente.

Cabe consignar que o mozo, apoiado polo seu medio irmán, fixo realidade unha lucida viaxe a Madrid.

“...el dho. Juan Pardo de Andrade, siendo vivo su curador, fue a la Corte de Su Majestad, y allí estuvo tiempo y espacio de un año [...]. Fue notorio que se trataba muy prencipalmente, como quien era, teniendo casa de por sí [...]; lo que gastó, se lo dio el dho. Juan Pardo de Lago, su curador, y se lo enviaba y envió para su gasto y sustento [...], y en ello no pudo dejar de gastar, con su persona y gentes, mucha suma de ducados, porque c[u]ando vino para esta tierra, de la Corte, vino muy bien tratado con sus vestidos, como persona prencipal”⁴⁴.

... ..

“Y se vino después, y trajo un caballo muy bueno, y tres vestidos de seda muy buenos. Y traía su gente consigo, y venía como quien era”⁴⁵.

Un home bastantemente mimado pola sorte, e quen, por se fora pouco, viuse nomeado herdeiro universal do seu antigo titor, o acaudalado cura Xoán Pardo de Lago (ano 1578)⁴⁶. Tanto pode algunhas veces a forza do sangue fraterno.

O xove fidalgo, habitando en Cedeira, e disfrutando da amplitude da casa que lle coubera en herdanza, levaba nela unha vida que, naquel contexto, viña ser, realmente, case principesca.

Escoitemos ao cedeirés Xoán Zapateiro, veciño ben informado:

...ha visto que vivía el dho. Juan Pardo de Andrad, con el dho. curador, en la villa de Cedeira; el cual lo sustentaba y alimentaba, a él y a un paje y dos alacayos [sic]. Y andaban en un caballo paseándose con él; y al dho. tiempo ya era un hombre de veinte años, poco más o menos. Y andaba a la montería algunas veces, y traía sus monteros y mucha gente con ello. Y todo ello lo sustentaba el dho. Juan Pardo de Lago, su curador, que, con lo uno y con lo otro, gastaría muy bien trescientos ducados [...]. Y esto muy bien lo gastaría por andar muy principalmente”^{47-a}.

44 Ibidem. Declaración do capitán Pedro Ares de Galdo, veciño de Barbos; folio 239.

45 Ibidem. Declaración de Xoán Zapatero, veciño da vila de Cedeira; folio 239.

46 A.R.G. Pleitos. Legaxo 21.465 - nº 22. Continuación. O testamento de Xoán Pardo de Lago, crego, polo que se nomea herdeiro universal a Xoán Pardo de Andrade, figura a partir do folio 1283, volto.

47-a Documentación citada na nota 43. Folio 238. Volto e seguinte.

Sería o asombro de toda Cedeira, e a envexa de moitos.

Penso que o magnífico escudo, tallado en alabastro, que aínda hoxe conservamos, e que condecora a fachada oriental da casa, ten que corresponder a estes momentos do século XVI. Había outro, en granito (xa o comentamos), que é o que mira á rúa Real, e este de que agora falamos repite as armas do granítico: Montenegro, Tenreiro, Andrade e Parga; pero incrementa o repertorio coas armas dos Pardo e dos Lago. No pazo de Baltar (pronto lle dedicaremos atención) existe outro bastante parecido no ornamento, algo máis pobre en pequenos detalles. Ambos escudos aparecen entre balaústres, e ambos teñen por riba un traballado marco horizontal, moi logrado no caso de Cedeira⁴⁸. Pero nas armas e representadas a penas hai coincidencia.

Ía cumprir trinta anos da súa idade, cando Xoán Pardo outorgou testamento, datado en Cedeira o 4 de marzo de 1586⁴⁹. Aínda que posuía enterramento propio, nunha capela da igrexa de Cedeira, na que recibiran sepultura os seus pais e os seus avós (capela da Trindade), pide ser enterrado no templo conventual de San Francisco, de Ferrol, onde xa estaban Pedro Tenreiro e Violante Núñez, é dicir os seus bisavós paternos. O día de facer testamento, Xoán Pardo gozaba de plena saúde. Estaba solteiro, e solteiro mantívose o resto da súa vida. Isto non foi óbice para ser pai, cando menos, de dous fillos e unha filla, habidos os tres doutras tantas mozas solteiras.

Xoán Pardo de Andrade pasa a Baltar, onde era señor de vasallos

O noso personaxe, a comezos do século inmediato, que é o XVII, tomara a decisión de cambiar de domicilio. A este fin dispuxo levantar un pazo, que subsiste, na herdade que chamaban Belote, sita no lugar de Baltar, parroquia de O Val, a mesma que na actualidade se encadra dentro do concello de Narón⁵⁰.

48 Non hai rigurosa coincidencia nas armas representadas. Por outra parte, no escudo que exhibe o pazo de Baltar, vemos incorporada, nun dos seus cuarteis, a heráldica propia do apelido Maldonado (cinco flores de lis). Como por outra parte sabemos que Pedro Pardo de Andrade, sucesor inmediato ó fronte do señorío de Baltar, casara con dona Ana Maldonado, xa se ve que o escudo pertence ós tempos do citado matrimonio.

49 Cláusulas do dito testamento veñen publicadas no traballo referido na nota 20.

50 Un manuscrito conservado no pazo de Souto (Mera-Ortigueira) ocúpase de aspectos xenealóxicos desa comarca e doutras circunveciñas, todo da autoría do capitán Mateo Sánchez de Lama (primeira metade do século XVII). Unha das follas recolle textualmente: “Pedro Tenreiro de Bolote [sic] dejó por hijo a Fernando de Lago; deste salió Ares Pardo, que hizo las casas de Cedeira. Deste salió Juan Pardo de



Cando os operarios se entregaban á tarefa de comezar a restauración do edificio de que se trata nestas páxinas, acharon no medio do entullo, este fermoso capitel, tallado en pedra.

Ben podemos sospeitar que sería un dos varios existentes na mansión, alomenos desque Ares Pardo de Lago e dona Catalina puxeron en pé o pazo que tan suntuoso lle parecía ó vecindario daquela época.

A peza, pola súa simetría poligonal, polo seu perfil mixtilíneo e pola decoración, consistente en relevos hemisféricos, todo nos fai pensar nun capitel do século XVI, e que, polo seu estilo, correspondería a un gótico final que chama ás portas do Renacimiento na súa versión plateresca.



A fachada oriental do pazo de Moscoso exhibe outro escudo, traballado en alabastro. Vai flanqueado lateralmente por balaustres que sosteñen o marco superior horizontal, a modo de cornixa.

Penso, como digo no texto, que esta pedra heráldica debe de corresponder a Xoán Pardo de Andrade, quen herdou o total do conxunto edificatorio a partir do ano 1567, cando morre a nai, dona Catalina, a viuva de Ares Pardo.

Sen descender a detalles miúdos en exceso, diremos que o escudo presenta o seu campo dividido verticalmente por destacada moldura, ao tempo que liñas en relevo horizontal distribuen o total da superficie en dúas metades. Queda, deste xeito, unha cuádruple partición.

Na primeira delas, arriba, á nosa esquerda, figuran as armas dos Pardo de Cela: campo axedrezado de superficies planas en alternancia con outras presentando veros. A presenza das referidas armas neste contexto queda explicada ao saber que Sancha Núñez Pardo de Cela foi tataravoa paterna de Ares Pardo de Lago, o tantas veces citado pai de Xoán Pardo de Andrade. Contiguo, á nosa dereita, aparece unha das versións tocantes ao apelido Lago. Unha espada en diagonal dá lugar a un compartimento tronchado, subdividido en escaques planos en alternancia con flores de lis.

Na metade inferior de todo o escudo, é dado ver que se repiten as armas xa vistas no que permanece na fachada que mira á rúa Real. Así, no cuarto inferior esquerdo está o eme coroado dos Montenegro, e os dous cuadrúpedos pertencentes aos Tenreiro. No compartimento da dereita topamos novamente un escusón coas armas dos Andrade e debaixo del, as tres faixas dos Parga.

Dentro desta parroquia, Baltar era un couto, é dicir, un pequeno señorío. Destinado a exercer como señor de Baltar, sería o morgado da estirpe de Fernando de Lago, asentada en Cedeira dende case un século antes. Tan exiguo resultaba ese couto, que alí non había máis que nove casas, algunha delas compartida por dúas familias,

“en las cuales dhas. casas dice el testigo [Xoán López da Agra, alcalde de Baltar] habrá diez vasallos y una viuda, y que la mayor parte dellos son muy pobres; que si el dho. Juan Pardo de Andrade no les ayudase con su hacienda y heredades que les da para que labren, no se podrían sustentar ni vivir en el dho. coto”⁵¹.

Aínda así, e a modo de exemplo, non podemos pasar por alto o testemuño do carpinteiro Andrés de Grandal, que en 1604 tiña 78 anos. Evocando a persoa de Ares Pardo de Lago, el refería que

“le vio el testigo llevar y poseer el coto de Baltar, con su jurisdicción civil y criminal, y vasalaje [...] Y dice el testigo que ha visto qu-el dcho. Ares Pardo, siendo vivo, llevaba y cogía en cada un año, de cada vasallo de dho. coto, un carnero y dos gallinas por día de San Juan, y algunas veces por agosto. Y por Navidad o después quince días, un tocino y dos gallinas”⁵².

O Grandal declarante pormenoriza o caso de certo súbdito de Ares Pardo, quen, coma os demais vasallos, ao presentarse ante el, portando as pagas en especie a que era obrigado, pronunciaba estas palabras:

“-Señor, aquí lle traemos o servicio que lle debemos”.

Non hai dúbida de que Xoán Pardo de Andrade, como señor do couto de Baltar, esperaba ser en el alomenos igual de ben tratado como o fora o seu pai. Por esta razón e por outras que descoñecemos, deixou de vivir en Cedeira e pasou a Baltar, un lugar apacible aínda no día de hoxe, preto da ribeira mariña, por máis que o mar non se albisca dende o gran pazo. Este edificio, na actualidade, pertence a unha orde relixiosa⁵³.

Andrade, que deshizo la casa de Belote y pasó a su jurisdicción de Baltar. Deste salió D. Pedro Pardo, hijo natural del dho., que se casó con doña Ana Maldonado”.

51 Documento citado na nota 46; folio 529 verso.

52 Documento citado na nota 18, folio 355.

53 É de advertir que, da primeira edificación, pouco chegou ós nosos días.

Inmediatos sucesores

Xoán Pardo de Andrade faleceu no ano 1615. Primeiro un fillo, Pedro Pardo de Andrade, e despois un neto, don Pedro Pardo, sucedérono ao fronte da casa e morgado de Baltar, e deste xeito transcurriu alí todo o século XVII.

A casa de Cedeira, local multiusos

Ao irse de Cedeira Xoán Pardo de Andrade, deixaba nesta vila unha vivenda de gran tamaño, ata o punto de que podería causar máis angurias que satisfaccións a quen, no sucesivo, decidira escollela por morada. Tal opinaba Blas Fernández, o escribán arriba mencionado, quen, xa antes de marchar o dono rumbo a Baltar, manifestaba verbo do edificio:

“...aunque costó mucho dinero a hacer, es de poca renta, e en el lugar donde ella está, le parece al dho. testigo que, aunque la quisieren alquilar para vivir en ella, ni hallarian quien diese por ella muchos dineros, habiendo de aderezarla y cubrirla a costa de los alquileres, porque, como dho. tiene, son casas grandes y muy costosas y son de muy poca renta en donde están sitas”⁵⁴.

Palabras que, para toda a primeira metade do século XVII, e aínda algo despois, foron de auténtico vaticinio: durante ese tempo todo, non consta ser humano que, con familia ou sen ela, mostrara disposición a habitar a casa que tan enorme parecía, e tan costosa de manter.

É verdade que lle deron outros usos, como cando en 1625, con motivo dun pleito litigado ante a R. Audiencia da Coruña, certo escribán chegou a Cedeira co encargo de recoller información, como tantas veces ocorría en parellas circunstancias. E como tantas veces, foi causa de improvisar un auditorio xudicial, é dicir, un lugar ao que puideran acudir testemuñas para tomarlles, e poñer por escrito, as pertinentes declaracións. Era posible facelo de oficio nunha estancia de calquera casa particular. E se a casa estaba desocupada, mellor aínda, que así aforraban molestias a calquer veciño. Foi de tal modo no caso deste pleito de 1625. Convocado cada testigo a presentarse, para lle tomar declaración, o escribán engade:

“Y le señalé la casa de don Pedro Pardo de Andrade, sita en esta villa”.

54 Documento citado na nota 18, fol. 199.

Claro. Casa grande e deshabitada, xa que don Pedro, o propietario, vivía no pazo de Baltar, igual que o fixera o pai, Xoán Pardo de Andrade, nos derradeiros dez anos da súa vida.

Outro exemplo témolo en 1635. Procedente da capital de España, presentouse en Cedeira Miguel de la Oliva, un xuíz que viña co encargo de proceder contra varias persoas, entre elas, catro que se citan, fiadores de Pedro Ponce de León. Éste fora mordomo e tesoureiro do conde de Lemos, e moi torpemente debeu de administrar o que levaba nas mans, porque ao final viuse obrigado a responder por un descuberto valorado en catro mil ducados. Unha cantidade que non tódolos chamados ricos posuían.

A fonte informativa de onde sacamos estes datos, refire que Oliva, o xuíz madrileño de que falamos, mandara deter aos catro fiadores de Ponce:

“... y ahora, dende ocho días a esta parte, poco más o menos, les tenía presos, por la dha. causa, en la sala de arriba de la casa grande de don Pedro Pardo de Andrade, sitas [sic] en esta dha. villa; cerrados con llave, y un guardia a su costa, con cuatrocientos maravedís cada día”⁵⁵.

(Pouco máis que un ducado, que equival a 375 maravedís).

De modo que o señor de Baltar tiña un edificio na vila de Cedeira que, se o pedía o caso, era aproveitado como cadea, a falta de mellor instalación. Pero non vivindo moi cerca o propietario, é dado imaxinar o abandono e o progresivo deterioro que puido empezar a sufrir o inmobile cedeirés.

En abril de 1645, a Xustiza reclamaba a presenza de Domingo Rodríguez, un escribán procesado como debedor do señor de San Sadurniño. Un alguacil foi na busca do escribán; pero ao chegar ao domicilio do encausado, a muller del dixo que nada sabía do seu paradeiro. Correuse naquel momento a voz de que Rodríguez estaba

“preso en la casa grande y palacio que fue de don Pedro Pardo, en esta villa [...], por lo tanto [o alguacil] protestaba de ir a buscarlo en dha. casa y palacio”⁵⁶.

55 A.C.N. A Coruña. Protocolos de Ortigueira: Domingo Rodríguez. Ano 1623; folio 118.

56 A.R.G. Pleitos, Legaxo 2.761 - nº 56; folio 25.

Pero foi o mesmo que perder o tempo. O alguacil, acto seguido,

“fue a la casa grande y palacio que fue de don Pedro Pardo, para ver si hallaba en el al dho. Domingo Rodríguez [...]. Y aunque buscó [por] dha. casa y palacio, y los altos della, no le halló en ella”.

Así que, como cárcere, o edificio acabaría resultando faxeiro. Notamos igualmente que é agora, en 1645, cando tamén se lle chama palacio. No corto testemuño notarial que nos dá tales noticias, a palabra palacio –e ben o observamos– ven repetida catro veces.

Dos Pardo de Andrade a don Antonio de Pumariño

Ese don Pedro Pardo de que fala o documento, é o inmediato sucesor da Xoán Pardo de Andrade. Casara don Pedro con dona Ana Pardo Maldonado, de Pontedeume, e fixeron testamento en 1641⁵⁷. Entre os herdeiros que deixaron, interésanos agora don Francisco e, moi especialmente, dona Xoana. Dous irmáns que, o mesmo que o seu pai, usaron o apelido Pardo de Andrade.

Don Francisco levou en herdanza parte da casa que en diante cabe chamarlle *palacio*, tal como vai permitilo a documentación. Da horta que o rodeaba, tocoulle a metade⁵⁸. Este fidalgo casara con dona María Teixeira, cedeiresa, e tiveron unha filla. Nai e filla morreron pronto, e o viuvo acabou meténdose cura. Foino en Valdetires, unha parroquia que, de seguir existindo, tería que estar actualmente no concello de Valdoviño⁵⁹. Don Francisco deixou por herdeira a dona Mariana⁶⁰, unha sobriña da que non tardaremos en ocuparnos.

Dona Xoana Pardo de Andrade, a citada irmá de don Francisco, casou co **Licenciado don Antonio de Pumariño Alfeirán**, un home a quen Cedeira lle debe a fundación da ermida de San Antonio de Corveiro⁶¹. Esta parella viviu na casa palacio da que estamos tratando.

Antes de seguir adiante, diremos unhas palabras polo que respecta á traxectoria vital de don Antonio, quen, procedente do condado de

57 Trabajo citado na nota 20, páx. 442.

58 Deste dato, xunto con outros pertinentes, hai palpable constancia no testamento de D^a Mariana Pardo Montenegro, sobriña e herdeira de D. Francisco. Foi outorgado en Cedeira o 15 de abril de 1703. (A.C.N. A Coruña. Protocolos de Ortigueira: Pedro de Lago. Ano 1728).

59 A.C.N. A Coruña. Protocolos de Ortigueira: Antonio Luace. Ano 1675; folio 1 e ss.

60 A.C.N. A Coruña. Protocolos de Ortigueira: Pedro de Lago. Ano 1685. Ahí consta que D^a. Mariana foi a única herdeira do seu referido tío D. Francisco.

61 Ver nota 57.

Santa Marta –parroquia de Santiago de Cuiña, para ser máis concretos– veu dar a Cedeira porque era sobriño do cura desta vila. O tío, tamén oriundo de Cuiña, estivo de cura en Cedeira por espazo de case cincuenta e dous anos, a partir de outubro de 1616. Trátase do Licenciado Fernando de Pumariño Alfeirán. Posiblemente o sobriño empezaría pasando temporadas en Cedeira, á sombra do crego que era seu tío⁶². A primeira vez que nos é dado velo nesta vila, é con motivo do bautizo dunha nena, celebrado na parroquial cedeiresa o 19 de abril de 1657⁶³. Na correspondente partida, faise constar que o padriño da criatura foi o Licenciado Antonio de Pumariño Alfeirán: así, sen que diante do nome lle poñan o título de “don”, iso viría en pasando algún tempo. Un título con que na época se distinguía aos fidalgos, sobre todo a partir da segunda metade do século XVII.

Tampouco lle chaman “don Antonio” en 1660, cando apadriñou a un neno, o 19 de marzo, e a outra nena, o 16 de agosto do mesmo ano. Pero dende o día 11 de agosto de 1661, en que volve ser padriño dun neno, xa aparecerá como “don Antonio”. O que nunca os documentos van omitir é expresar que o noso personaxe era licenciado, e ademais sabemos que o estaba en Dereito. “*Abogado de ciencia y conciencia*”, tal como expresa certo manuscrito daquel tempo.

Casou –xa o dixemos– con **dona Xoana Pardo de Andrade**, e os fillos que tiveron naceron case todos en Cuiña, empezando por Miguel Antonio, que veu ao mundo en 1658⁶⁴. Case todos, dixeran; porque Mariana, a última en abrir os ollos á existencia, debeu de nacer en Cedeira, que aquí recibiu o bautismo o 21 de febreiro de 1664.

A partir de xaneiro de 1668, os pais xa figuran avecindados na vila cedeiresa; el exercendo a súa profesión de avogado. Foi durante o matrimonio cando o Licenciado Pumariño puxo por obra a fundación da capela de San Antonio. O domicilio do avogado Pumariño foi, cal vai indicado, a casa palacio. Alí viviu coa súa esposa e coa filla de ambos, **dona Mariana Pardo Montenegro**, de quen vimos de falar. Foi o único vástago en chegar á idade adulta; os irmáns deberon de morrer na infancia, xa que deles nada se volve dicir. Dona Mariana, no testamento que outorga en Cedeira, o 15 de abril de 1703, fai referencia á mansión na que, sen dúbida, pasou gran parte da nenez:

62 Idem.

63 As veces que D. Antonio exerceu de padriño en Cedeira, constan no libro 1º de Bautizados desta parroquia, hoxe depositado no Arquivo Diocesano de Mondoñedo.

64 As partidas de bautismo dos fillos nados en Cuiña, figuran nos pertinentes libros desta fregresía ortigueiresa, depositados agora no referido arquivo.

“Con más es libre la casa de morada que tengo dentro en la villa de Cedeira, la cual constó [sic] a componer a mi padre, mil ducados, sin lo que constó cuando la compró mi padre, como consta de las escrituras que tengo en mi poder. Decláronlo así por lo haber oído muchas veces al dicho mi padre. Y lo mesmo las dos güertas que tiene junto a sí, y la una está plantada de limoneros, a la parte del Noroeste; y la otra, a la parte del Vendaual, que es la mitad por herencia de mi tío don Francisco Pardo”⁶⁵.

Todo isto significa que don Antonio de Pumariño, cando pasou a vivir a Cedeira, tomou, como xa vai dito, a decisión de facer morada na inxente casa que tanto tempo levaba deshabitada, e na que tería parte dona Xoana Pardo de Andrade, a muller do avogado, como que era neta do último ocupante, Xoán Pardo de Andrade, o que se cambiara a Baltar. E como don Francisco Pardo, cura de Valdetires, legara a parte que el tiña da casa e horta en favor de dona Mariana, que para iso era a súa sobriña, ésta acabou facéndose coa propiedade enteira. Económicamente falando, esta señora tivo inmensa sorte, posto que Fernando de Pumariño, cura de Cedeira, que non era nada pobre, deixou como herdeiro ao seu sobriño don Antonio (ano 1668)⁶⁶, pai de dona Mariana, de modo que todo quedaba na casa.

Nun momento impreciso, que acaso poderíamos situar na metade dos anos setenta daquel século, a muller de don Antonio de Pumariño, é dicir, dona Xoana Pardo de Andrade, deixouno viuvo. En tal situación, o avogado acabou de cura, e foino algún tempo na freguesía de San Xiao do Ermo⁶⁷, que se hoxe está no concello de Ortigueira, antigamente se situaba no condado de Santa Marta; ven ser o mesmo. Pero aquí non acaba a cousa. Pumariño pensouno mellor, e de cura que era, pasou a frade. Entrou no convento franciscano de Montefaro, primeiro como novicio e despois como profeso, isto en 1682. Aló enriba pasou os derradeiros anos da vida, que foron vinte, máis ou menos, aínda que algunhas veces baixou á súa Cuiña natal, onde o encontramos aínda en 1699, administrando un bautismo.

65 Ver nota 57.

66 A.R.G. Pleitos. Legaxo 10.765 - nº 56.

67 Arquivo Diocesano de Mondoñedo. Presentación do beneficio de San Xiao do Ermo; ano 1676 (folla sen numerar). No folio 5 do mesmo expediente faise constar, en 23-IV-1682, que o referido beneficio está vaco, “por haber pasado a estado de religioso de la orden de San Francisco don Antonio de Pumariño Alfeirán, último cura”. Sendo frade en Montefaro figura chamándose “Padre Fray Antonio de San Francisco” (A.C.N. A Coruña. Protocolos de Ortigueira: Antonio de Luaces, ano 1682; fol. 50).

Voltemos a dona Mariana Pardo Montenegro

A esas alturas do século a filla xa casara. O marido, oriundo de Lugo, chamábase **don Antonio Francisco de Lemos Montenegro**, e todo parece indicar que viviron na casa palacio. O home de dona Mariana deixou este mundo en 1685, e ela xa non volveu casar. Cumprira vinte e un anos, e aínda habería aspirantes á súa man. Do matrimonio quedarán dúas meniñas: unha de tres anos (finaría aos trece), e outra de ano e medio. Esta última, **dona Xoana Andrea**, é a que nos interesa agora, porque representa a continuidade da estirpe.

Todos estes detalles sabémolos polo testamento de dona Mariana, outorgado, como dixemos, en 1703, achándose na vila de Cedeira. Dona Mariana Pardo Montenegro finou en Cuíña polo mes de outubro do 1724. O día do testamento -15 de abril- do ano que vai expresado máis arriba, xa estaba casada a filla, dona Xoana Andrea, e ben poderíamos dicir que fixera boa voda. O xenro de dona Mariana foi **don Lourenzo Moscoso, señor de Fontao**⁶⁸.

Os Moscoso

Fontao, no día de hoxe, segue a ser unha espléndida finca, na que sobrancea o pazo dese nome, todo sito na parroquia de San Acisclo, concello de Foz, aínda que na zona do Valadouro. Algo en común teñen Fontao e Baltar: ambos foron pequenas xurisdiccións, e ambos quedan non lonxe da ribeira mariña, aínda que dende eles se faga imposible a vista do mar. A dona Mariana ímola topar, nestes anos, dun lado para outro: un pouco en Lugo, outro pouco en Fontao -nos dominios do consogro-. Hoxe está en Cuíña; mañá, como non, na vila de Cedeira. Repetimos que aquí fixo testamento en 1703, pero entón xa non paraba na casa palacio. Ela tiña en Cedeira, polo menos, outra casa, que estaba na praza, e que o seu pai arranxara bonitamente, ata lle puxera un balcón de corredor, dotado de balaustres⁶⁹. aquí foi o lugar do outorgamento.

Emparentado cos Moscoso, reforzouse o carácter levítico da familia. Miren se non: do matrimonio de dona Xoana de Lemos (a filla de dona Mariana) con don Lourenzo Moscoso, foron fillos: unha monxa, da que nada sei; don Xosé, cura de Mondoñedo; don Tomás, cura de Lago e Xove; don Agustín, cura de Cedeira; Frei Xoán, dominico en Viveiro, e quizabes o máis destacado- don Francisco, e digo destacado porque

68 É con esta expresión, por exemplo, tal como figura no testamento de D^a. Mariana, do que vimos falando.

69 Ver nota 65.

chegou a ser cóengo da catedral de Mondoñedo. Coñécese que outro irmán, chamado **Don Antonio Moscoso Omaña e Lemos**, non sentía tanta vocación clerical. Optou polo matrimonio, e casou con dona Bernarda Antonia de Miranda e Navia⁷⁰. Don Antonio Moscoso, morgado da casa, aparece nos papeis como veciño da cidade de Mondoñedo, que por aquel entón era capital de provincia.

Imos chamar “Pazo de Moscoso” á casa de Cedeira

Cando en 1752 foron ultimados os traballos que deron lugar ao Catastro de Ensenada, vemos que entre as persoas con propiedades na vila de Cedeira, figura o mesmo don Antonio. Velaquí o que pon o Catastro:

“Don Antonio Moscoso, vecino de Mondoñedo. Tiene una casa con su alto, al sitio Calle de Abajo. Hace de frente diez varas, y de fondo, veinte y cuatro. Derecha, la mar; izquierda, dha. calle”⁷¹.

Xa non se fala aquí doutras casas que en Cedeira posuía a súa avoa, dona Mariana. Nin da torre construída no século XVI. De todos modos, e sen saír da parroquia de Cedeira, don Antonio era propietario de corenta e oito fincas, non moi grandes, a dicir verdade, se exceptuamos unha de montesío, que alcanzaba de extensión trinta e tres ferrados. Pero o labradío máis extenso non pasaba de catro; e, se de horta se trata, a de maior tamaño medía tres cuartos de ferrado.

As medidas que proporciona o Catastro, verbo do ancho e do longo do edificio, son correctas. Funo comprobar (auxiliado por D. Andrés López da Pena), e o resultado axústase ao que consta no referido documento catastral, se incluímos aquí as dúas pequenas casas que están a continuación, coas respectivas fachadas dando á rúa Real. Xa se verá que foron segregadas con posterioridade aos tempos deste Moscoso.

Por outra parte, non existía o recheo que agora ocupa tanto a rúa de Ezequiel López como o antigo peirao, este do século XIX⁷². No seu lugar había praias, se ben é certo que a vila cedeiresa, a mediados do

70 A maior parte dos datos polo que mira á prole resultante deste matrimonio foi facilitada ó concello de Cedeira por D. Fernando López Badía (M.D.), noveno neto de D^a. Mariana Pardo.

71 Fondos documentais do Catastro de Ensenada, alomenos no concernente ás parroquias de Cedeira, pódense localizar no Arquivo do Reino de Galicia en Coruña.

72 As obras do malecón que bordea o último tramo do lado dereito do río Condomiñas, hoxe en día delimitado por sendas pontes, ó pé da parte antiga da vila cedeiresa, deron comezo en 1881, e continuaron nos primeiros anos oitenta do século XIX, tal como nos fan saber as pertinentes actas municipais.

XVIII, xa empezara por ese lado a abrirse paso fóra da muralla. Muralla que, como ben podemos recordar, servía de linde á finca que, no século XV, pertencera ao palacio do cabaleiro Fernando de Andrade, oitavo avó de don Antonio Moscoso.

Por certo que este último, aínda vivindo en Mondoñedo, algunha vez viría por acó. Unha escritura da súa época fala de herdades próximas a Area Longa, e cita unha que linda co Paseo de Moscoso. Ademais non esquezamos que un dos seus irmáns, don Agustín, era cura de Cedeira, e o morgado viría visitalo, non sabemos con que frecuencia.

Don Antonio Moscoso Omaña e Lemos finou en 1757, deixando como fillos a don Xosé María e a dona Teresa, aínda na menor idade. O tío deles, don Francisco, foi nomeado para exercer de titor. Lembremos que don Francisco Moscoso era o cóengo mindoniense xa citado en liñas anteriores.

Pasados varios anos, e xa en 1785, don Xosé María aparece como “regidor perpetuo y vecino de a ciudad de Mondoñedo”.

Este señor, que pasaba longas tempadas nos seus dominios en Fontao, dá a impresión de que, pola casa palacio de Cedeira sentía perfecto desapego, aínda conservando os dereitos de propiedade⁷³. Foi herdado na xefatura da familia por un fillo que, coma el, tamén se chamou don Xosé María, un ilustre personaxe do que máis adiante trataremos.

Algún documento de principios do XIX nos permite saber o nome que por entón recibía o edificio. Enfronte del, ao outro lado da rúa Real, había unha casa que ven citada o 20 de marzo de 1814, cando certos copropietarios decidiron vender a parte que tiñan alí. A correspondente cédula di que a casa, por un dos seus costados, linda coa rúa que media “entre el palacio de los Moscoso”⁷⁴.

73 Ben claro ha de quedar que a estes Moscoso, en canto que eran propietarios do pazo, correspondíalles ser recoñecidos como donos do *directo dominio*. Os levadores do mesmo edificio en nome dos propietarios, e a consecuencia dun acordo legal, chamado foro, eran os *foreiros*. Neste caso, os foreiros do pazo de Moscoso, no transcurso da primeira metade do século XIX, son os que figuran apelidándose Aneiros, Hevia ou tamén Guerra.

En qué consistía un foro xa vai explicado nos comezos do presente traballo.

74 É moi expresiva certa referencia datada en 1742, cando xa non vivía D^a. Mariana Pardo, a mesma que fora dona do edificio de que nos vimos ocupando. O día 17 de setembro dese ano, diversos copropietarios venderon a casa arruinada que posuían en Cedeira: unha construción “que nombran de So o Pazo (é dicir: “Abaixo do Pazo”) de doña Mariana Pardo, sita en esta vila y arimada a la cerca de ella; que, por la parte del Solano, testa en el río que baja por el puente de esta misma villa para la mar”. (A.C.N. A Coruña. Protocolo do escribán Xosé Pérez de Hevia, ano 1742; fol. 35). Ben vemos que a mansión de D^a. Mariana era coñecida, entre a xente daquel tempo e lugar, co nome de *pazo*, por máis que outros documentos utilicen como sinónimo a palabra *palacio* para referirse á obra en cuestión. Entendémolo ben ó decatarnos de que eses documentos van redactados en castelán todos eles.

(A porción vendida corresponde á casa que agora pertence a D. Francisco Freire López de la Ballina).

Foreiros a principios do século XIX

“Palacio de los Moscoso”: si, polos donos, pois ése era o apelido que tiñan. Pero quen levaba o arrendamento foral, podía influir na maneira de nomear ao caseirón. Un documento que nos axuda neste pormenor, ten a data de 1816. Había por entón unha paisana que era dona da metade doutra casa, a que está enfronte, e que cando se sube pola rúa de Santa María, é a primeira do lado dereito, facendo ángulo coa Real. O 29 de outubro, María Ana López, que así se chamaba esa muller, tomou a decisión de darlle ao seu neto a dita metade; consecuentemente houbo escritura, onde podemos ler que a casa toda estrema

“en la calle real que baja, desde el frente de la iglesia, hasta el limonar o huerto cerrado de enfrente al palacio que dicen de Aneiros, a en cuio paraje hace esquina dha. casa, para doblar hacia la Puerta de la Villa”⁷⁵.

Convén aclarar que aquí chaman *calle real* á que baixa de Fernando Lago, pasando pola Praza, e que agora chamamos de Santa María. Precisamos engadir que Aneiros é o apelido dos inquilinos que os Moscoso tiñan no seu palacio, e que ao non existir aínda a rúa de Ferrol (ou “Calle Nova”, en vulgar expresión), ese tramo, entre o palacio e a actual Casa do Concello, viña sendo a prolongación da horta que alí había, que a escritura denomina “*limonar o huerto cerrado*”, entre a rúa Real por riba, e as augas mariñas polo fondal, elas ao pé da muralla defendedora da vila de Cedeira. Outras fontes informativas aclaran que, entre o mar e a muralla, un camiño se internaba por alí, e ía dar ao punto coñecido por “Porto Farto” que ata agora non me foi dado localizar.

Facendo ese percorrido en parecidas datas, non tardaríamos en dar co alfonil alí existente, que creo que estaba onde hoxe principia a rúa do Mariñeiro. Por iso o citado camiño foise convertendo en rúa pública, e a ese tramo os documentos da segunda metade do século XIX xa lle chaman *calle del Alfolí*, e que agora forma parte da de Ezequiel López. En relación con todo isto, contamos co testemuño datado en 16 de setembro de 1823. Ben expresivo é, pois menciona

75 A.C.N. A Coruña. Protocolos de Ortigueira: Antonio de Villarnobo. Ano 1816; folio 52.

“el alfolí de la parte del Norte, de los dos que bajo un techo, medianil en medio, se hallan y sirvieron para sal, como pueden servir, en esta motivada villa, situados junto al arenal, por abajo de la calle que sigue en frente a la casa que llaman El Palacio”⁷⁶.

Xunto con Aneiros, hai que contar con outro inquilino, apelidado Pérez de Hevia. Se o primeiro residía na vila, o segundo vivía en Piñeiro. Con motivo da morte deste último, en 1825, foi necesario recontar os bens que del quedaban, e os que de tal traballo se encargaron fan constar os enseres que o finado deixaba

“en la casa nombrada Palacio, en la que tenía la taberna y almacén el difunto”⁷⁷.

En 1826 tivo lugar a partición dos referidos bens, e nela entraba, como herdeira, dona Xoana Lorenzo, viuva de don Antonio Hevia (realmente “Pérez de Hevia”; o que pasa é que o “Pérez” fórono deixando). Non perdamos de vista que o matrimonio era inquilino -ou mellor, foreiro- do palacio, pero só no tocante a unha parte. A outra estaba arrendada aos Aneiros. A adxudicación do dereito foral, verbo do palacio, ven expresada deste xeito:

“Primeramente se le adjudica y hace pago en la mitad enteramente de la casa que nombran Palacio, sita en la villa de Cedeira, mista con la otra mitad que llevan sus tres hijos. Cuya casa se compone de alto y bajo, puertas y ventanas; tres cuartos o alcobas, dos almacenes o bodegas; cubierta de madera y teja. Testa, por la parte del Poniente, cuase Norte, en la calle Real de dha. villa; y por las más partes, en güerta y baldíos que allí tiene”⁷⁸.

De acordo con esta descripción, ben nos percatamos de que o edificio seguía con dúas plantas, pero sen a torre que mandaran levantar Ares Pardo e dona Catalina de Andrade. Xa advertimos esta carencia ao consultar o Catastro da Ensenada, polo que penso que a torre desapareceu na década de 1660, con motivo das reformas levadas a cabo nos tempos de Pumariño. Tamén teremos ocasión de notar que a escaleira de pedra, mandada construír por dona Catalina, perduraba no século XIX. E que había un zaguán ou portal suficientemente des-

76 Arquivo id. O mesmo escribán. Ano 1823; folio 52.

77 Arquivo id. - Protocolo do escribán D. Xosé María López. Ano 1825; folio 110.

78 Arquivo id. - Protocolo do mesmo escribán. Ano 1826; folio 104 volto.

tacado, ata o punto de que, como veremos, será mencionado en 1840.

O que tampouco nos pasa inadvertido é que o palacio, ao longo do tempo, seguiu como verdadeiro local multiusos. Observáramos, para o século XVII, a utilización como auditorio xudicial, cárcere e –tamén– escondedoiro. A cousa non se detén aí, como imos ver.

Hai un momento dedicábamnos a nosa atención á foreira –mellor habería que dicir “con-foreira”– dona Xoana Lorenzo, viuva de Hevia. Esta muller, chegado o 22 de xullo de 1825, vendeulle a un dos xenros que tiña (chamado Xosé Guerra)

“la parte de alquileres que le correspondan de la casa nombrada Palacio, situada en esta villa, como destinada a cuartel para la tropa”⁷⁹.

Ata para cuartel servía. E que conste que, a este propósito, aínda queda algunha referencia máis.

O derradeiro Moscoso, conde de Fontao

Corresponde aquí presentar ao derradeiro Moscoso da “saga”; tamén o máis sobranceiro. Os seus nomes de pía eran os mesmos que tivera o pai, segundo queda recordado. O fillo, en 1819, vivía en Ferrol, e un documento dese ano permítenos saber que

“Don José María Moscoso de Altamira y Quiroga [era] señor jurisdiccional de Fontao, villa de San Martín de Mondoñedo, Formarán, Donalbai, Senande y Villanuñe; dueño de las casas de Mondoñedo, San Pedro del Río, Virís, Belote y Cedeira; gentilhombre de cámara del Rey, Nuestro Señor, con entrada; individuo de la Real Maestranza Caballería de Ronda [...] sucesor de doña Mariana Pardo de Andrade, dueña que fue de la casa de Cedeira, sus vínculos y mayorazgos”.

Este señor desempeñou diversos cargos importantes. Foi, entre outras cousas, alcalde de Ferrol, ministro da Gubernación e presidente do Senado. A tanto deberon de chegar os méritos do cabaleiro, que a raíña Isabel II creouno **conde de Fontao**, conforme acredita un Real Decreto que leva a data de 27 de febreiro de 1840⁸⁰.

79 Arquivo id. - Protocolo do mesmo escribán. Ano 1829; folio 80.

80 Unha biografía deste prócer figura publicada no tomo 18 de “Estudios Mindonienses”, ano 2002; páx. 1213 e ss. Leva por título “Aristócrata e revolucionario: Notas biográficas do primeiro conde de Fontao, 1788-1854”. O traballo débese á autoría de Prudencio Vivero Mogo.



Galván y Candela, J. M., data de execución descoñecida, Retrato del conde de Fontao, Óleo sobre lenzo. Madrid: Senado.
Don Xosé María Moscoso de Altamira. Conde de Fontao (Mondoñedo, 1788 - Madrid, 1854). Cuarto neto da cedeira da dona Mariana Pardo. Primeiro presidente do Senado entre os anos 1837-1840 e 1844-1845.


Don Xosé de Prado

Qué coincidencia no tempo. Porque moi pouquiño despois, ou sexa, o 1 de abril dese 1840, acaudalado veciño de Cedeira deu os primeiros pasos para facerse con toda a propiedade. Estamos a falar de **don Xosé de Prado e Lorenzo** (Vilarrube, 1798 - Cedeira 1889). Esaxerando un tanto, estou por dicir que no seu tempo foi pouco menos que o amo de Cedeira; polo de pronto, o máis rico dos veciños. Exerceu nesa vila o cargo de alcalde, a primeira vez en 1838, e logo noutras cinco oportunidades. E cando non era alcalde, dá a impresión que, de todas maneiras, el movía os fíos da vida local.

As primeiras xestións

Vivía na Ribeira (zona rural da parroquia cedeiresa) o xa antes citado don Xosé Guerra, cando el e a súa muller, dona Antonia Hevia, accederon á proposta que lles viña facendo Prado; éste, con mentes de quedar con todo o palacio e resíos inmediatos. Deixemos falar á escritura, onde se fai constar que o matrimonio Guerra-Hevia vende a don Xosé de Prado canto alí se expresa. O que segue parece unha longa cita; pero, ben mirado, non hai nela unha palabra ociosa. Prado, no citado día, comproulles os dous tercios

“que a la otorgante corresponden por herencia de su difunto padre, don Antonio Hevia y justos títulos, de la maior parte de la casa llamada Palacio, sita en esta misma villa, en la calle nombrada Real, como se entiendo ser desde el medianil de piedra, de alto a bajo, que hay en su centro hasta lo exterior; portada y ventanas que miran al Norte; siendo lo demás, trasero o Poniente, de don Ventura Aneiros y consortes, como herederos de don Ramón [1726-1809] su abuelo paterno, por quienes provino, en fuerza de adquisición al don Antonio Hevia, en sus días, lo restante, o partida entera del edificio, desde dha. medianil adelante. Y de ello tocan, como dho. es a la vendedora, los referidos dos tercios que aquí enajena, de mistión con el otro que pertenece a su hermano don José Hevia, de San Cosme de Piñeiro; con sus fundos, alto y bajo, folganzas de su rededor y anexión, zaguán a la entrada, escalera de piedra, exteriores e interiores, así como de madera para subir a dho. alto; entradas, salidas, faiado y cobertura de madera y teja, con lo más perteneciente y agregado, sin reserva-ción de cosa alguna. Y así le enajenan dha. su porción de todo ello por libre de otra venta en lo útil, de que es de entender verificársela solamente, por pertenecer su dominio como foral del señor Moscoso



D. Xosé de Prado (1798-1889)



Actual aspecto do edificio que agora volvemos chamar Pazo de Moscoso. A fachada leste, á esquerda é a que ten escudo. A fachada do lado norte queda á beira da rúa Ferrol. A rúa que se interna pola sombra é a Rúa Real.

Non moi diferente debeu de ser en tempos de D. Xosé de Prado, quen lle puido engadir a segunda planta, dotada de vistosa galería, obra tan característica do s. XIX.

Os horrendos cables do tendido eléctrico sobrancean aquí: esixen quedar ocultos, para non seguir destrozando a contemplación deste querido recuncho da paisaxe urbana.



A fachada oriental do Pazo de Moscoso, tal como se ve hoxe en día, e posterior ao escudo que engalana o conxunto. Esta peza heráldica data da segunda metade do século XVI.

*de Altamira, a este dueño de él, a quien por tal razón se le pagan de pensión anualmente, y tocan a los otorgantes, por la insignuada porción, que va comprendida, las dos tercias partes de ochenta y siete reales y veinte y dos maravedís de vellón cabalmente tocando la otra tercia de ellos tambien al espresado hermano de la enajenante*⁸¹.

Prado pagoulles dous mil réais. Pero isto non quere dicir que se convertera en amo do palacio. O adquirido pola súa parte foi o útil dominio do mesmo e terras adxacentes (aínda faltaría entenderse cos Aneiros). O útil dominio era o dereito a manterse como inquilino, que nesta época, e dependendo do contrato co dono, tendía a ser irrevocable, mentres non deixase de pagar a renda. O verdadeiro dono seguía a ser, nese caso, o conde de Fontao, propietario do directo dominio. A este tipo de aluguer chamábanlle foro, tal como dicíamos case ao principio do presente traballo, e os foros en Galicia, déronse con enorme frecuencia durante o Antigo Réxime.

En detalle, descoñezo neste momento as xestións que aínda despois tivo que realizar don Xosé de Prado, tendentes a adquirir a plena propiedade do palacio, pero tivo que ser así. Foille preciso entenderse co conde, ou con algún representante do aristócrata.

Non tiven por agora forma de saber se don Xosé Prado chegou a negociar cos outros levadores do foro, é dicir os Aneiros. Pode ser que non, e isto explicaría a presenza de esas dúas casiñas –unha delas brasonada– coa fachada á rúa Real, que verdadeiramente foron segregadas do conxunto.

O que si sabemos é que o novo levador, con desexo de propietario, non pasou a vivir inmediatamente na casa recién adquirida. Pois resulta que con el pactou o Concello, necesitado de poñer un local a disposición para un

“destacamento de tropa, en este pueblo, de veinte hombres y un oficial”.

¿Que mellor sitio, senón aquel que xa servira para idéntico fin?

*Xustamente pola mesma razón “buscó este Ayuntamiento, y señaló como tal la que se denomina Palacio, en esta villa”*⁸².

Falaron con don Xosé, e chegaron a algún acordo. Isto sucedía o 8 de xullo de 1841.

81 A.C.N. A Coruña. Protocolos de Ortigueira: Antonio Villarnobo. Ano 1840; folio 38.

82 Arquivo Municipal Cedeira. Actas correspondentes ó ano 1841.

Posteriormente, nalgún momento da segunda metade do século XIX, o Palacio foi privado do aspecto que ata entón viña conservando. Don Xosé Prado botoulle unha altura máis, e así ten agora tres plantas. No andar superior fixo colocar a galería que dá á rúa de Ferrol. As galerías, como ben sabemos, xurden neses tempos decimonónicos. A primeira mención das mesmas, tal como figura nas actas municipais de Cedeira, data do 30 de outubro de 1873⁸³.

Puido ser neses anos cando Prado pasou a morar na antiga casa palacio, agora tan transformada por desexo do que sen dúbida xa era propietario a tódolos efectos.

Don Xosé Prado é cuarto avó de quen isto escribe, e na familia deixou marcado recordo. Algún familiar que o coñeceu persoalmente, e que viviu suficientes anos para podermo contar, referíame que cando o bispo de Mondoñedo chegaba a Cedeira de visita pastoral, era hospedado na casa de don Xosé, con preferencia á casa reitoral. Hai que dicir de paso que Prado destacaba pola súa profunda relixiosidade.

Hai que lamentalo

Aínda que a reforma levada a cabo por Prado deu lugar a un edificio de digna aparencia, isto nunca nos vai consolar da desaparición do palacio levantado no século XVI por orde de Ares Pardo de Lago e dona Catalina de Andrade. Conserváronse algúns –poucos– elementos ornamentais, tal como dúas xambas en granito, que parecen platerescas, e o magnífico escudo de alabastro, que eu penso mandou colocar, a fins do século expresado, Xoán Pardo de Andrade. E, sen formar agora parte da construción, hai un capitel que os gardas municipais atoparon no medio do entullo, moi preto da casa.

Capitalinos, cultos e modernos

A mediados do século XX existía, na planta baixa, un bazar, que o inquilino desocupou para ir instalarse nun local propio. Nos anos sesenta, o baixo foi alugado a unha empresa da Coruña, que segundo creo recordar, se dedicaba á venda de máquinas de confección. Dentro do local ensinaban o manexo das mesmas. Pois ben: para adecuar o local a tan nobre propósito, transformaron a porta e as ventás, **picando os fermosos marcos de cantería** que había ata entón, e que aínda hai no resto da casa.

Os moi modernos.

83 Arquivo id. - Actas correspondentes ó ano 1873.

Cun estilo didáctico, como o de quen imparte unha lección de historia nunha aula, dun xeito persoal e característico, Rafael Usero conta parte da historia da Vila de Cedeira, fiada coa do Pazo de Moscoso.



edicións **embora**

